

## ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
PLN/2023/12	O Pleno

### DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	7 de setembro de 2023
<b>Duración</b>	Desde as 21:05 ata as 22:15 horas
<b>Lugar</b>	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
<b>Presidida por</b>	José Carlos López Campos
<b>Secretaria acctal.</b>	María Josefa Martínez Barros

### ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
[REDACTED]	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
[REDACTED]	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
[REDACTED]	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
[REDACTED]	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
[REDACTED]	DIEGO PERNAS FERNÁNDEZ (Informático)	SÍ
[REDACTED]	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
[REDACTED]	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
[REDACTED]	JOSE ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
[REDACTED]	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ
[REDACTED]	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	SÍ
[REDACTED]	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
[REDACTED]	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ
[REDACTED]	MARIA ANGELES PAIS CARBIA	SÍ
[REDACTED]	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ



	MARIA JOSEFA MARTINEZ BARROS (Secretaria acctal.)	SÍ
	MARÍA BELÉN LÓPEZ PENA	SÍ
	MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
	MANUEL MAGARIÑOS MACEIRAS	SÍ
	MARÍA CARMEN MORILLO RODRÍGUEZ (Interventora)	NON
	Mª DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
	OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS	SÍ
	ROMÁN SUÁREZ PORTO	SÍ
	VANESA IGLESIAS CASAL	SÍ
	XOÁN REYES VILLAR	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria accidental a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

### A) PARTE RESOLUTIVA

#### APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 3 DE AGOSTO DE 2023

**Favorable**      **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 3 de agosto de 2023, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

#### Expediente nº 4816/2023. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DAS BASES 54ª E ADICIONAL ÚNICA DAS DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO EN VIGOR.

**Favorable**      **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Concédeselle a palabra ao Concelleiro delegado de Facenda, **D. Alberto M. Blanco Carracedo**, quen explica que, con obxecto de dar cumprimento aos acordos plenarios de 23 de xuño de 2023 relativos ás asignacións aos membros da corporación por asistencias a sesións de órganos colexiados e asignacións económicas aos grupos políticos, é necesario modificar ás Bases 54ª e



Adicional Única das de execución do Orzamento municipal e, posteriormente, expoñer ao público o expediente.

Toma a palabra o voceiro do grupo do Partido Socialista, **D. Luís López Bueno**, para anunciar que o sentido do voto do seu grupo será favorable.

Non habendo máis intervencións procédese á votación desta proposta, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Facenda de data 8 de agosto de 2023, en relación co asunto que se trata de seguido.

Visto o acordo plenario do 23 de xuño de 2023 sobre asignacións aos membros da corporación por asistencias a sesións de órganos colexiados, consonte á proposta da Alcaldía do expediente nº 3588/2023, informada favorablemente por Intervención.

Visto o acordo plenario do 23 de xuño de 2023 sobre asignación económicas aos grupos políticos, consonte a proposta da Alcaldía do expediente nº 3587/2023, informada favorablemente por Intervención.

Considerando que os acordos adoptados ordenan o inicio das actuacións precisas para modificar as bases 54ª e Adicional Única de execución do orzamento en vigor (prorrogado de 2022) a fin de acomodalas ás propostas aprobadas.

Tendo en conta que as modificacións orzamentarias están suxeitas aos mesmos trámites e requisitos que os orzamentos, tal e como resulta do artigo 38.1 do R. Decreto 500/1990, do 2 de abril.

Visto o ditame da Comisión informativa de Facenda e Especial de Contas do 11 de agosto de 2023 ao respecto da modificación orzamentaria que se indica.

E, ao abeiro do debatido nesta sesión, adóptase, por unanimidade, os seguintes **ACORDOS**:

**Primeiro.-** Modificar o apartado 1º) da Base 54ª de execución do orzamento en vigor, cuxa redacción queda como segue :

*“ As indemnizacións por asistencias a órganos colexiados correspondentes aos membros da corporación que non teñan recoñecida dedicación exclusiva ou parcial serán de 120,00 euros por cada sesión e concelleiro, presidencias incluídas. Cando deban asistir a reunións de órganos similares en representación do Concello*



percibirán 120,00 euros por asistencia.

*As liquidacións por asistencias a plenos e comisións practicaranse cunha periodicidade cuadrimestral a partir das certificacións expedidas polos seus secretarios. As indemnizacións por asistencias a outros órganos liquidaranse semestralmente.”*

**Segundo.-** Modificar a Base Adicional Única de execución do orzamento en vigor exclusivamente no que respecta ao seu segundo parágrafo, cuxa redacción queda como segue :

*“Ante a imposibilidade de dar cumprimento ó expresado precepto, dotando aos grupos políticos de locais nas dependencias municipais e dunha infraestrutura mínima de medios materiais e persoais, como se puxo de manifesto nos reiterados intentos de levalo a cabo, e tendo en conta o previsto no artigo 73-3 da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local, segundo a redacción dada pola Lei 11/1999 e o acordo plenario do 2 de febreiro de 2012, fíxase unha cantidade por grupo político de 300,00 euros fixos mensuais e 47,61 euros por concelleiro e mes. Estas cantidades aboaranse a cada grupo político na conta que se indique polo portavoz de cada grupo, coas limitacións e obrigas que determina o referido artigo 73.3 da Lei 7/1985. As ditas dotacións non poderán destinarse ó pagamento de retribucións de persoal de calquera tipo ó servizo da corporación ou á adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial. Os pagamentos realizaranse mediante un pago único anual na data que se determine.”*

**Terceiro.-** Este expediente exporase ao público por espazo de quince días hábiles no departamento municipal de Intervención, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios desta Corporación, prazo durante o que as persoas interesadas poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo R. Decreto Lexislativo 2/2004, ao que se remiten o artigo 177. 2 do mesmo Texto e o artigo 38 do R. Decreto 500/1990, do 20 de abril. O expediente considerarase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

**Expediente 4640/2023. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE DETERMINACIÓN DE FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2024**



**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

O Sr. Alcalde concede a palabra ao Concelleiro delegado de Organización, **D. Alberto M. Blanco Carracedo**, quen informa que estamos ante a proposta de determinar os festivos locais para o ano 2024 en cumprimento do requirimento do Servizo de Emprego e Economía Social (Xefatura Territorial de Pontevedra) da Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade, recibida neste Concello con data 20/07/2023; neste senso e á vista dos pronunciamentos da Mesa Local de Comercio e do Consello Económico Social e o ditame da Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, proponse os días 26 e 27 de xuño, coincidentes coas festas de San Paio, dando traslado do acordo que se adopte nesta sesión ao nomeado Servizo autónomo.

Pide a palabra o voceiro do grupo do PSdeG-PSOE, **D. Luís López Bueno**, para dicir que, debido á unanimidade de todos os membros da Mesa de Local de Comercio e do Consello Económico e Social para fixar ditos días, o seu grupo apoiará esta proposta, a pesar que lle da pena as persoas que organizarán as festas porque non vai a ser un ano fácil, por iso ofrece a súa axuda e a do seu grupo.

Non habendo máis intervencións procédese á votación desta proposta, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Visto o Decreto nº 112/2023, de 29 de xuño, polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2024, publicado no DOG nº 135 de 17/07/2023.

Vista a comunicación do Servizo de Emprego e Economía Social (Xefatura Territorial de Pontevedra) da Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade, recibida neste Concello con data 20/07/2023 (registro de entrada 2023-E-RC-8468), pola que se solicita a remisión do acordo de determinación dos Festivos Locais para o ano 2024 deste Concello antes do 30 de setembro do ano en curso.

Visto o pronunciamento feito pola Mesa Local de Comercio na súa sesión do 23/08/2023.

Visto o pronunciamento feito polo Consello Económico Social en data 23/08/2023.

Visto o Ditame da Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, adoptado en sesión do 31/08/2023

E, ao abeiro do debatido nesta sesión, adoptáse, por unanimidade, os seguintes **ACORDOS**:



**Primeiro.-** Determinar como festivos locais do Concello da Estrada para o ano 2024, os días 26 e 27 de xuño (coincidentes coas festas patronais “San Paio”) .

**Segundo.-** Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Emprego e Economía Social da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade de Pontevedra.

**Expediente 5090/2023. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS EN RELACIÓN COA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG POLA QUE PROPÓN O ESTABLECEMENTO DUN SISTEMA DE RETRANSMISIÓN EN DIRECTO DAS SESIÓNS PLENARIAS**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Concédeselle a palabra ao voceiro do grupo municipal do BNG, **D. Xoán Reyes Villar**, para dar conta da moción presentada pola que se propón o establecemento dos sistema de retransmisión en directo das sesións plenarias, e que se transcribe literalmente de seguido:

*“O Pleno dun concello é o órgano de máxima representación da cidadanía, onde se toman decisións que afectan á vida de todos os veciños e veciñas. Neste sentido, a transparencia e a participación cidadá son valores fundamentais nunha democracia sólida e inclusiva. É por iso que a lei considera que os plenos deben ser públicos. Se os plenos son públicos non pode ser que nun concello como A Estrada só poidan acceder a eles as veciñas e veciños que se despracen de xeito presencial até o concello porque é excluír a persoas que por diversas causas non poidan achegarse. Hoxe en día internet ofrece unha alternativa económica e eficaz para resolver este problema.*

*É por iso que o BNG leva anos requirindo ao goberno municipal a retransmisión en streaming dos plenos e a súa exposición pública na páxina do concello. Dende o BNG entendemos que esta é unha alternativa sinxela que permitiría cumprir co mandato de transparencia e publicidade dos plenos. Esta é unha práctica que se está estendendo por diferentes concellos do noso país. Xa se retransmiten os plenos das sete cidades galegas e os de concellos como Poio, O Grove, Ribadumia, Vilagarcía, Bueu, Marín, As Neves ou concellos da nosa contorna como Lalín. A grande variedade de concellos que incorporaron esta medida como práctica habitual, desde Vigo – con case 300.000 habitantes – até As Neves – con algo menos de 4.000 – avalan a viabilidade económica desta medida. Ademais, o concello da Estrada ten pre concedida – segundo os datos proporcionados polo alcalde no mes de marzo – unha subvención de 145.000 € para a transformación dixital dos concellos, que podería empregarse tamén para costear-la medida. Por estes motivos, solicitamos o seguinte ACORDO:*

1. Estabelecer un sistema de retransmisión en directo dos plenos do concello a través



*dunha plataforma en liña oficial do concello para garantir así o acceso público ás sesións plenarias.*

- 2. Asegura-la gravación e arquivo dos plenos para permiti-la consulta dos debates e decisións, o que garantiría a súa dispoñibilidade para os cidadáns.”*

Pide a palabra o voceiro do grupo do Partido Socialista, **D. Luis López Bueno**, para manifestar a súa conformidade con esta proposta, de feito, na anterior lexislatura, xa se había manifestado en relación coa necesidade de implantar este sistema de retransmisión en directo das sesións plenarias, así como que ese documento quedase arquivado aos efectos de consulta das persoas que así o interesen, tamén expostos en canais como Youtube. Continúa lembrando que o Concello da Estrada xa tivo un sistema de videoacta e que se malogrou cando un raio caeu afectando á Casa Consistorial, todo debido a unha negligencia do goberno municipal por non ter conectado o pararraios; sen embargo, e co paso do tempo, o equipo de goberno non fixo nada par repoñer ese sistema de videoacta por non consideralo prioritario, xa que a transparencia nunca foi importante para el, algo que queda demostrado nos argumentos que deu o grupo do Partido Popular na Comisión Informativa na que se tratou esta moción, tachándoa de extemporánea .

Ante o dito, traslada a súa simpatía por esta moción, sobre todo cando se está a tardar moito na tramitación do expediente de contratación deste sistema de videoacta, polo tanto votará a favor desta proposta do BNG, a pesares de que é sabedor que dito expediente está en fase de tramitación.

Toma a palabra a voceira do grupo Mixto (MOVETE), **Dna. Mar Blanco Casais**, para trasladar a súa conformidade con esta moción, porque o grupo de goberno tivo cinco anos para avanzar nesta materia, asi como, dende que se aprobou a Lei de Transparencia, lévaa incumprindo dende entón, situación que o seu grupo xa o denunciou en moitas ocasións este incumprimento; de feito o informe emitido na plataforma de INTRA, sinala que o Concello da Estrada tan só cumpre dezaioito indicadores dos cento sesenta que pide esta plataforma, ocupando o posto trinta en transparencia dos 34 concellos con máis de vinte mil habitantes, ou sexa, que tan só cumpre un 11,84%. Polo dito, alégrese de que esta iniciativa saia adiante e, dunha vez por todas, o goberno municipal se poña as pilas.

Remata a súa intervención dicindo que aínda hai moito camiño por recorrer para seguir avanzando en materia de transparencia.

Intervén o **Sr. Alcalde** para dicir que todos estamos de acordo en que hai que seguir dando



pasos e avanzar para facilitar información ao cidadá, así como o acceso á toda a xestión ordinaria e aos servizos; por iso considera que esta moción se queda moi corta con respecto ao proxecto que está en marcha dende fai un ano e que non só da accesibilidade a través das gravacións plenarias (non sendo certo o que afirmaba o voceiro socialista de que xa había o servizo de videoacta, xa que só se gravaban, nada máis), senón que tamén ofrece outros servizos, porque con cargo a fondos europeos se nos concedeu 145.000,00 € (pola nosa categoría), con cargo aos cales o 50% se destina á mellora da plataforma de administración electrónica GESTIONA, e o resto é destinado a mellorar a accesibilidade á información por parte do cidadán, onde se atopa incorporado o sistema de videoacta máis alá do que plantexa esta moción, porque non só se permitirá retransmitir os plenos, senón que tamén facilita a elaboración da acta por parte de Secretaría, ademais incorporando a posibilidade de que o cidadán poida acceder a esas actas de forma visual e sinxela; así mesmo, está licitado o Portal do Cidadá, o novo mobilizado e a construción dun anel de fibra na contorna da zona deportiva. Ante o detallado, considera que estamos ante un proxecto moi amplo e ambicioso e que, na actualidade, está bloqueado o procedemento á espera de que o Ministerio dea o visto bo aos efectos de iniciar a adxudicación das catro contratacións, as cales están licitadas e con ofertas presentadas polos licitadores dende máis dun mes, pero pendentes de adxudicación á espera do pronunciamento do Ministerio, esperando que non sexa moito máis alá do vindeiro mes de outubro.

Polo dito, non quere abrir máis debates nen de confrontar, pero este proxecto vai máis alá do que propón a moción, votando o seu grupo a favor dela por ser un pequena parte do devandito proxecto.

Non habendo máis intervencións procédese á votación desta proposta, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a Moción presentada con data 17/08/2023 (registro de entrada 2023-E-RE-4014) polo grupo municipal do BNG que se transcribe literalmente de seguido:

*“O Pleno dun concello é o órgano de máxima representación da cidadanía, onde se toman decisións que afectan á vida de todos os veciños e veciñas. Neste sentido, a transparencia e a participación cidadá son valores fundamentais nunha democracia sólida e inclusiva. É por iso que a lei considera que os plenos deben ser públicos. Se os plenos son públicos non pode ser que nun concello como A Estrada só poidan acceder a eles as veciñas e veciños que se despracen de xeito presencial até o concello porque é excluír a persoas que por diversas causas non poidan achegarse. Hoxe en día internet ofrece unha alternativa económica e eficaz para resolver este*





problema.

É por iso que o BNG leva anos requirindo ao goberno municipal a retransmisión en streaming dos plenos e a súa exposición pública na páxina do concello. Dende o BNG entendemos que esta é unha alternativa sinxela que permitiría cumprir co mandato de transparencia e publicidade dos plenos. Esta é unha práctica que se está estendendo por diferentes concellos do noso país. Xa se retransmíten os plenos das sete cidades galegas e os de concellos como Poio, O Grove, Ribadumia, Vilagarcía, Bueu, Marín, As Neves ou concellos da nosa contorna como Lalín. A grande variedade de concellos que incorporaron esta medida como práctica habitual, desde Vigo - con case 300.000 habitantes - até As Neves - con algo menos de 4.000 - avalan a viabilidade económica desta medida. Ademais, o concello da Estrada ten pre concedida - segundo os datos proporcionados polo alcalde no mes de marzo - unha subvención de 145.000 € para a transformación dixital dos concellos, que podería empregarse tamén para costea-la medida. Por estes motivos, solicitamos o seguinte ACORDO:

3. Estabelecer un sistema de retransmisión en directo dos plenos do concello a través dunha plataforma en liña oficial do concello para garantir así o acceso público ás sesións plenarias.
4. Asegura-la gravación e arquivo dos plenos para permiti-la consulta dos debates e decisións, o que garantiría a súa dispoñibilidade para os cidadáns."

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, en sesión celebrada o 31/08/2023.

E, á vista do debatido nesta sesión, sométese o asunto a votación, sendo adorado, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.-** Establecer un sistema de retransmisión en directo dos plenos do concello a través dunha plataforma en liña oficial do concello para garantir así o acceso público ás sesións plenarias.

**Segundo.-** Asegurar a gravación e arquivo das sesións plenaria para permitir a consulta dos debates e decisións, o que garantiría a súa dispoñibilidade para os cidadáns.

Antes de pasar á parte de Actividade de Control o **Sr. Alcalde** pregunta se algún dos grupos políticos quere presenta algunha moción de urxencia; non habendo, se segue





co orde do día:

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

### DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO DO 17 AO 31 DE XULLO DE 2023 (AMBOS OS DOUS INCLUÍDOS)

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 17 e 31 de xullo de 2023 (ambos os dous días incluídos), que van dende o número 2023-1022 ao número 2023-1113 (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

### DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO DO 1 AO 31 DE AGOSTO DE 2023 (AMBOS OS DOUS INCLUÍDOS)

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 1 e 31 de agosto de 2023 (ambos os dous días incluídos), que van dende o número 2023-1114 ao número 2023-1266 (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

## C) ROGOS E PREGUNTAS

Inicia a quenda o voceiro do grupo do PsdeG-PSOE, **D. Luis López Bueno**, quen di que trae varios rogos e preguntas, un dos rogos era sobre a alegación ao eólico de Xesteiras, pero non o va o formular porque sabe que o grupo de goberno está a traballar nela. Outro rogo é que se reclame á Deputación Provincial de Pontevedra para que proceda ao arranxo dun cableado en San Xurxo de Veá, xa que na intersección entre as dúas estradas provinciais o cableado está moi baixo, considerando que a Deputación debe requirir ás compañías responsables para que procedan á reposición dese cableado e que impiden o acceso a internet á veciñanza desa zona.

Lembra que o seu grupo presentou un escrito derivado dunha demanda dos veciños e veciñas de Cardelle (San Xurxo de Veá) para o asfaltado dun camiño que dá acceso a ese lugar, pregando que se inclúa nun proxecto de asfaltado.

En canto ao proxecto de sinalización que está en marcha, di que no casco urbano estanse a manter sinais que poden dar a confusión, por exemplo a do Centro



Comarcal (que non existe), a do Punto Limpo sita na estrada nacional á altura da Garda Civil (a cal non é visible), etc.; polo dito prega que esas antigas sinais sexan retiradas.

En relación ás instalación do novo estadio municipal, di que o seu portal non funciona, preguntando se o grupo de goberno tiña constancia desa situación e, no seu caso, o por que diso.

O **Sr. Alcalde** contesta que, durante a execución das obras, a empresa adxudicataria pediu, debido ao grande tránsito de vehículos por esa zona, que se regulase e ordenase dito tránsito para evitar algún incidente entre a execución das obras e os vehículos que circulan por alí.

Continúa o **Sr. López Bueno** para dicir que lle gustaría, se é posible, que o Concelleiro responsable de comercio, Sr. Durán, lle responda sobre a polémica creada polas declaracións realizadas en relación ao Mercado de Verán, porque lle consta que no ano 2022 a súa celebración foi considerada un éxito polo Alcalde, sen embargo nestas últimas semanas un membro do equipo de goberno declarou que a non celebración do Mercado de Verán neste ano é debido ao alto custo que supón, ao escaso retorno e a que non era unha fórmula que estivera funcionando; polo que considera que o grupo de goberno debería de aclarar a súa postura respecto desta cuestión, porque pensa que é unha das alternativas de comercio máis importantes do verán. Di, ademais, que o presidente da ACOE dixo que a supresión deste Mercado de Verán supuxo unha decepción maioritaria no sector, mentres que o Concelleiro Óscar Durán di que é todo o contrario. Ante o anterior pide que se lle aclare esta situación.

O **Sr. Alcalde** di que as preguntas neste punto da orde do día van dirixidas a el, polo que intentará responder a esta última pregunta en base á coordinación existente entre os membros do grupo de goberno. Con respecto á pregunta sobre o Mercado de Verán, di que houbo un esforzo moi importante en materia de xestión municipal de cara ao comercio e hostalería local despois da pandemia, tendo un modelo diferente ao plantexado polo grupo socialista, porque este propoñía repartir un certo diñeiro en bonos, tickets ou subvencións directas ao comercios, algo no que o grupo de goberno non estaba de acordo porque a Asociación de Comerciantes tiña capacidade suficiente para a toma de decisións, pedíndonos que as medidas que se puxeran sobre a mesa foran de apoio directo ao comercio e ás actividades que motivasen á xente saír á rúa, a estes efectos foron deseñadas varias campañas que supuxo unha aportación durante tres anos



de máis de 450.000 euros a favor da Asociación de Comerciantes. Na actualidade a situación cambiou, advertíndose que a subvención directa que se lle deu a dita Asociación de 150.000 euros non se podía manter porque o Concello non ten capacidade financeira para elo, iso non quere dicir que non se colabore e axude con actuacións concretas, pero, dende logo, non manter ese esforzo que se fixo anteriormente, dentro do que se contemplaba o Mercado de Verán, porque a súa organización supoñía que, para unha actividade de tan só un fin de semana, unha carga para as arcas municipais 45.000 euros; pero antes se valorou a súa rendibilidade de maneira conxunta coa Asociación de Comerciantes, considerando máis importante a organización de actividades no nadal.

Finalmente, di que no considera que o Mercado de Verán non sexa bo, pero o seu custo é inasimilable para o Concello sen o apoio económico doutros sectores do noso comercio, contando, ademais, de que moitos comerciantes da Estrada non estaba de acordo con esta actividade, senón que demandan outro tipo máis dinamizadora, algo no que se está a traballar.

Intervén o **Sr. López Bueno** para dicir que ao seu grupo tamén os comerciantes lle piden a organización de actividades máis transversais, por iso, no seu momento, se propuxo o bono comercio, proposta que molestou ao grupo de goberno porque se adelantaron con esta medida pioneira que algúns concellos seguen mantendo a día de hoxe. Non discute que o Concello fixo un gran esforzo para axudar ao comercio despois da pandemia, pero non comparte que non vexan os beneficios que ten o bono comercio, tanto para o Concello, os comercios e para a cidadanía. Así mesmo, di que si a ACOE ve reducida a súa subvención, é normal que teña que priorizar á hora de organizar actividades, entendendo que se centre na campaña de nadal e deixe de lado o Mercado de Verán. Polo tanto, non acepta a xustificación dada para non apoiar o dito Mercado.

O **Sr. Alcalde** di que, dende o goberno, inténtase negociar, escoitar e xestionar. Non sabe se o voceiro socialista falou coa ACOE, porque esta transmitiu que radicalmente non querían ese modelo de bono nunha das moitas reunións mantidas con ela para deseñar actuacións que permitisen fomentar o comercio co menor impacto posible despois da crise económico derivada da pandemia, actuación deseñadas integramente pola ACOE, o Concello tan só aportou diñeiro para a seu financiamento.

En canto ao Mercado de Verán, reitera que os recursos son limitados, e a súa organización é moi cara, polo tanto, temos que optimizar os recursos. Pódese dicir



que no verán é necesario fomentar o comercio, pero considera que a peonalización das rúas e a mellora do entorno urbano axudou moito no incremento da actividade económica e comercial do noso pobo, creando hábitos que perduran, ao contrario que o Mercado de Verán que tan só se limita a un fin de semana. Reitera que, en caso de querer volver a celebrar esta actuación, débese contar coa implicación de todos os comerciantes e non soamente co financiamento do Concello, porque, como dixo, non é viable.

Pide a palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, D. **Xoán Reyes Villar**, para formular o rogo de que se lle facilite por escrito a lista de garda dos servizos de Axuda no Fogar, Xantar na Casa e de Atención Temperá.

Continúa preguntando que medidas se van a tomar para que a situación do SAF, que todos coñecen, non se repita, porque considera que as condicións das traballadoras e traballadores son de vergoña.

En canto á sinalización de carga e descarga na Avda Fernando Conde, a cal non tiña horario e agora conta cuns carteis en plástico fixándoa, pregunta se vai a seguir así ou se vai a colocar unha sinal en metálico.

Pregunta sobre cal é a situación actual das Brigadas de Incendios.

Pregunta, por último, como está o trámite de alegación ao parque eólico de Monte Xesteiras.

O **Sr. Alcalde**, no que se refire á entrega por escrito das listas de garda dos servizos do SAF, Xantar na Casa e Atención Temperá, lle informa que o canal para solicitar esta información é mediante solicitude por rexistro de entrada e o departamento correspondente lle contestará dentro dun prazo de dez días, non sendo o apartado de Rogos e Preguntas do Pleno o sitio para solicitar este tipo de documentación.

En canto á sinalización de carga e descarga, aclara que, durante a execución do proxecto de sinalización urbana, se instalaron estas sinais sen as lendas sobre horarios, e a Policía Local fixo de maneira inmediata eses carteis provisionais (o que llo agradece), pero esa deficiencia se arranxará e actualizará adecuadamente. No referente ás Brigadas de Incendios, puxéronse en marcha ao longo do pasado mes de agosto, en concreto condutores da motobomba e a primeira brigada, porque a segunda foi imposible de cubrir.

En canto á alegación ao parque eólico de Monte Xesteiras, hai prazo ata o 22 deste mes de setembro para a súa presentación, para elo tívose unha reunión a semana pasada coa empresa que nos ofrece a asesoría xurídica neste tema e, polo tanto, se prevé que na semana que ven se presentará esta alegación.



Toma a palabra a voceira do grupo Mixto (MOVETE), **Dna. Mar Blanco Casais**, quen desexa dicir, en relación ao Mercado de Verán, que foi un éxito e que axudou a dinamizar e promocionar a marca ESTRADA a nivel comercio, traducíndose nun aumento do nivel de vendas ao servir de escaparate do noso comercio local; ademais, promocionaba a cultura musical e os produtos locais. Di que entende que o seu custo foi excesivo e que non se pode manter no tempo, pero considera que o Concelleiro de Promoción Económica debeu traballar coa ACOE para chegar a un consenso para que os comerciantes locais colaboraran no seu financiamento, crendo que gran parte deles estarían de acordo en participar. Polo dito, considera que se debe intentar retomar esta actividade.

Prega que, dunha vez por todas, se mellore o servizo de recollida de lixo, sobre todo na limpeza e mantemento dos contedores. Así mesmo pregunta en que punto está a privatización deste servizo, manifestando que o seu grupo considera que que lle gustaría que fora público.

En relación á noticia publicada na prensa sobre que ao carón do campo de fútbol de Berres hai uns aparatos de ximnasia en abandono, considera que, de estar os veciños desa zona interesados, o Concello proceda á súa limpeza e arranxo, e no caso de que non, se proceda ao seu traslado ao casco urbano co fin de motivar á xente maior.

Di que na casa escola de Loimil non se pode impartir actividades dirixidas para maiores así como outras previstas no rural, polo que a veciñanza desta parroquia busca sitio para elo, situación da que é coñecedora a Concelleira de Servizos Sociais.

Traslada a solicitude dos veciños e veciñas de Curantes para a instalación dun punto de luz na estrada que vai de Curantes Novo a Curantes Vello (nunha curva), ou ben cambiar a ubicación dun existente e que aluma unha silveira.

Por último, pregunta en que punto está a traída de auga de Tabeirós.

Ao anterior, o **Sr. Alcalde** responde, que, con respecto á traída de auga de Tabeirós, que nesta semana se está a traballar na zona máis complexa (no lugar de A Sagrada) e, en principio, se sabe que Augas de Galicia certificaba a obra coa empresa no mes de outubro. A parte, despois queda unha cuestión que hai que resolver, que é que no proxecto licitado por Augas de Galicia, este organismo diseña o retroncal o que ocasionará que, cando se repoña o servizo, cada vez que un veciño se queira conectar ao mesmo haberá que romper o retroncal para poder facer a conexión, polo que se está a ver coa empresa adxudicataria a posibilidade de facer esa conexión en espiña para cada lado das beirarrúas e evitar ese futuro



problema, pero isto está fóra do proxecto de execución. Por outra banda, existe un compromiso cos veciños de Tabeirós para facer un proxecto de asfaltado ao rematar esta obra. En resumo, considera que a obra principal debería estar rematada o vindeiro mes de outubro.

En canto ao servizo de recollida de lixo, lle informe que xa están avanzadas as redaccións dos pregos Técnico e de Cláusulas Administrativas Particulares, esperando que se pode lanzar a licitación coa aprobación do Orzamento municipal, necesario para contar coa partida presupostara correspondente. Espera que con esta contratación se mellore bastante a prestación deste servizo, sobre todo no rural; así mesmo, considera que o contedor verde é mellorable, tanto a nivel estético como hixiénico, ao igual que a recollida selectiva, debéndose incorporar máis contedores amarelos, sen esquecer a necesidade de incluír o quinto contedor (orgánico). Polo dito, no ano 2024 suporá un cambio importante no servizo de recollida de lixo, esperando poder enfrontar esta contratación no último trimestre do ano.

Non habendo máis intervencións polos membros do Pleno, o **Sr. Alcalde**, en cumprimento do disposto no Regulamento de Participación Cidadá, pregunta se algunha das persoas asistentes como público quere formular algunha pregunta ou rogo.

Pide a palabra o **Sr. Benigno Dorelle Constenla** (con DNI [REDACTED]), veciño de Paramá - Santo André de Veá, para dicir que estiveron as máquinas de asfaltar na súa zona e debido a eses traballos a estrada quedaba 70 ou 80 centímetros por riba do seu portal, polo que non permitiu que se asfaltara diante del, quedando co arquitecto técnico municipal que ese anaco non se ía asfaltar; sen embargo se asfaltou e agora éntrolle auga, por iso quere preguntar se ese problema se vai arranxar ou non.

O **Sr. Alcalde** lle contesta que falara co arquitecto técnico municipal para que se poña en contacto con el para que .....

Intervén novamente o **Sr. Dorelle Constenla**, para dicir que é prexudicado porque lle entra auga e, a parte, ese anaco de camiño queda moi mal, ademais lle parece unha tomadura de pelo que quedaron en non asfaltar e despois o fan, non sendo esas as formas.

O **Sr. Alcalde** di que lle trasladará ao arquitecto técnico esta cuestión para que



vaia alí para falar con él e buscar unha solución a ese problema.

Pide a palabra **D. Javier Rodríguez Diéguez** (DNI nº [REDACTED]) para, en relación cunha intervención anterior do Alcalde, pregar ao Alcalde que vai a Tabeirós, porque a Sagrada non está en Tabeirós, e as “zanjas” seguen sendo igual de fondas que cando empezaron en Nigoí.

O **Sr. Alcalde** pide perdón porque se confundiu e dixo A Sagrada no lugar de A Consolación, ademais estivo moitas veces en Tabeirós e sabe perfectamente como é o estado desa obra, a cal é executada por Augas de Galicia, polo tanto o Concello tan só fai as labores de información aos veciños, pero non somos responsables nin da dirección nin da execución da obra, nin a licitamos tampouco; aínda así, por ser unha obra que se está a facer no noso termo municipal despois de demandala durante moito tempo por parte da veciñanza, se lle fai un seguimento, contando coa información de que esta mañá se estaba a traballar na canalización principal no lugar da Consolación para a rede troncal, sendo necesario buscar agora a fórmula para facer as conexións futuras sen ter que romper, ademais de asfaltar as pistas despois da obra; no caso de A Consolación hai que levantar o pavimento e as beirarrúas, polo que hai que buscar unha xestión intelixente para non ter que volver a romper outra vez cando se fagan novas conexións, esperando que isto se poda resolver nas vindeiras semanas.

Pide a palabra **Dna. Balbina Martínez Ramallal** (DNI nº [REDACTED]) para preguntar por que hoxe só se pode facer unha pregunta.

Contesta o **Sr. Alcalde** que á razón é porque así o establece o Regulamento de Participación Cidadá e que hai que cumprir.

Continúa a **Sra. Martínez Ramallal** preguntando se os plenos son gravados.

O **Sr. Alcalde** lle responde que os audios das sesións plenaria son gravadas.

A **Sra. Martínez Ramallal** pregunta se cando se pasan a internet é o que se di na gravación.

Responde o **Sr. Alcalde** que as actas se redactan tendo en conta as gravacións das intervencións.





Di a **Sra. Martínez Ramallal** que o pregunta porque na anterior sesión plenaria ela falou sobre os municipais, e na acta correspondente á dita sesión pon: “... *Dna. Balbina Martínez Ramallal manifesta que dubida desa profesionalidade...*”, afirmando que ela non dixo iso.

O **Sr. Alcalde** di que é tan fácil como comprobar na gravación desa sesión, polo que se revisará.

Continúa a **Sra. Martínez Ramallal** preguntando que non atopa en internet a acta do Pleno de maio.

Con respecto ás belotas do carballo que está na Avda. da Torre, pide que se vaian a varrer porque molestan ao pasar pola beirarrúa, así como as silvas que saen do muro.

O **Sr. Alcalde** explica que o servizo de limpeza pasa por alí cada certo tempo.

A **Sra. Martínez Ramallal** di que ela ve que pasan de largo.

O **Sr. Alcalde** di que falará coa empresa para que procedan a facer esa limpeza.

A **Sra. Martínez Ramallal** pide que, agora que se están colocando as sinais, se poñan alí na Avda da Torre unhas de prohibido aparcar camións.

O **Sr. Alcalde** lle responde que as sinais non se colocan discrecionalmente por parte do Alcalde, senón en base a un informe da Policía Local. Ademais, aproveita para dicir que no mes de maio tan só se celebrou unha sesión plenaria extraordinaria para aprobar a acta anterior, con motivo da celebración das eleccións locais, e a posterior sesión foi a toma de posesión no mes de xuño.....

HAI INTERVENCIÓNS QUE NON SE APRECIAN NO AUDIO

Continúa o **Sr. Alcalde** dicindo que se comentará co departamento de Secretaría, para que o comprobe e subsane o erro, de existir.

Non habendo máis intervencións, procédese a levantar a sesión.

Esta acta redáctase conforme ao establecido no Real Decreto 2568/1986, polo que





se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; na Lei 40/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; e, concretamente, segundo o disposto no Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas de Xustiza, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, o cal sinala no seu artigo 2, entre outros, que as actas son un resumo das intervencións, aclarando que os audios íntegros das intervencións formarán parte do expediente da sesión plenaria, emitíndose o respectivo certificado de autenticidade e integridade do arquivo das gravacións.

De todo o anterior faise cumprimento.

## **DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

